

Xaime Souto atravesou a porta do avión convencido de que a viaxe a Londres lle daría novos folgos ao seu porvir profesional. A fe que tiña en si mesmo non lle concedía outra opción que cumprir con éxito a misión que o xefe lle confiara. A única focha que previra na ruta aérea que estaba a piques de principiar era a distancia entre a misión coa que viaxaba e o que deixaba en terra. A separación entre os dous mundos produciulle vertixe. A menos de dez metros da porta do avión sentira que os pasos que daba perderan a folgura coa que voaba acotío. Non era parvo. O treito entre o destino, ao que o empurrara a ambición, e o cacho de vida que deixaba en terra parecíalle infinito. O crédito emocional que aínda conservaba estaba a piques de esgotarse. Pero, como outras veces, confiaba en que, ao regreso, conseguiría achicar o afastamento entre el e a súa familia.

O único desexo que tiña, logo de saudar a tripulación do avión, era recollerse na butaca e ler os exemplares de prensa que, encollidos como unha meda, levaba embaixo do brazo. Coñecía a distribución dos asentos da Clase Business como a palma da man. Só con ler as coordenadas do cartón de embarque, podía visualizar a localización de calquera asento. A auxiliar de voo, que o axudou a colocar a equipaxe de man no compartimento superior, pendurou a chaqueta de Xaime Souto no gardarroupas reservado aos pasaxeiros das primeiras ringleiras do avión. Acomodouse. As atencións que recibiu alixeirárono do peso co que viaxaba: a misión que tiña por diante e o tempo que tardaría en volver á cidade. As obrigas profesionais fixeran del unha ave migratoria. Os avións eran a ponte que tiña que percorrer para darlle folgos á ambición. As ausencias del convertéranse nun acontecemento rutineiro.

O eirado da terminal estaba case baleiro. Os visitantes que había, arredor dunha ducia de persoas, ollaban con compulsión a chegada e engalaxe dos avións. A velocidade atraíaos. Xaime Souto reparou no letreiro iluminado que coroaba a terminal. As letras compuñan, xunto coas palabras “aeroporto de”, o nome oficial da cidade. O edificio escorrentábao. O que para el construía a identidade dun aeroporto non era a arquitectura das instalacións, senón o número de encontros que propiciaban os avións que chegaban e saían das súas pistas. O cartel luminoso que

16

Alberte Santos Ledo

coroaba o aeroporto da cidade na que estudara un máster de posgrao aseguraba que cada catro minutos un avión, proveniente dalgún lugar do mundo, aterraba nas súas pistas. A lembranza daquelas viaxes espertou o lado máis nostálgico de Xaime Souto. Pero antes de mergullarse a fondo nas sensacións que gardaba da escola de negocios na que estudara, sentiu dúas pancadiñas no ombreiro esquerdo. A chamada sorprendeuno. Virou a cabeza e,

axeonllado na butaca para non bater co teito do avión, deulle a man a unha auxiliar de voo.

—Ola! –respondeu apurado. E sen reparar no sorriso da muller, preguntoulle deseguido: Pero non te pasaban a persoal de terra?

—En catro semanas, antes de que acabe marzo, vou ao mostrador de facturación. Pero aínda teño por diante media ducia de voos –contestou a auxiliar.

Os dous, malia o accidentado primeiro encontro que mantiveran, fixeran bo pan nas viaxes que coincidirán. No primeiro voo, ela trabouse co cóbado doutro pasaxeiro e tirou por riba do pantalón de Xaime Souto un vaso con zume de laranxa. El non conseguira limpar o traxe. Pero, fronte á recomendación da xefa da tripulación, non reclamou ningún dano.

—Este vai ser entón o noso último voo xuntos. Eu vou estar en Londres arredor de dez semanas –precisou.

—Quizais coincidamos máis adiante como pasaxeiros –confirmou aquela muller e cun sorriso intencionado farfallou: Moito vas botar de menos as miñas atencións!

—Non creo que atures máis de dous días detrás dun mostrador. Ti es unha muller de altos voos –dixo Xaime Souto.

—Levo moitos anos polas nubes. Morro por ficar en terra e ter máis tempo para min –pousou ela

A misión á que Xaime Souto tiña que enfrontarse esixíalle vivir arredor de dous meses en Londres. O director do banco, de quen dependía, chamáralo para propoñerlle xestionar a fusión de dous grandes laboratorios farmacéuticos europeos. Estaba satisfeito co encargo. “Precisas convencer os presidentes desas empresas das vantaxes da fusión. Tes dous meses de prazo. O resultado desta operación –díxolle o xefe– vai depender da capacidade de convicción que teñas fronte a eles.” Antes de esmiga17

O rebumbio dos vagalumes

Ilar os riscos daquela tarefa, calculara as consecuencias que o éxito do mandado lle abriría dentro do banco. Estaba seguro que o enfiaría ao cumio profesional que desexaba coroar.

Cando a auxiliar de voo marchou, Xaime Souto volveu a cabeza ás portadas dos xornais. A noticia que o conquistou esmiuzaba os resultados dunha enquisa con analistas financeiros sobre a economía europea. Oito de cada dez xestores dicían que as fusións empresariais nos sectores de alimentación, enerxía e servizos bancarios farían medrar a economía europea. Ninguén daba un patacón polos movementos corporativos dentro da industria farmacéutica. Non o preocupou.

Xaime Souto virou de novo os ollos á fachada do aeroporto.

Ninguén levantaba xa a cabeza polo eirado da terminal. Volveu con nostalgia a mirada interior á súa familia. Sen ter despegado aínda, sentíase máis só e illado que cando, de cativo, viaxara por

primeira vez a Londres. A súa cabeza, sostida con fatiga na butaca, proxectou un rebumbio de imaxes familiares que incluían as fillas e mais a Paula, a muller. A única combinación que non conseguía recompor era a dos catro xuntos e a del con Paula. Os fotogramas da memoria deixábano, un detrás doutro, fóra do retrato. O día anterior non conseguira chegar a tempo ao desfile das festas do Entroido no que participara Sabela, unha das fillas. O atraso estivera motivado pola duración dunha videoconferencia con analistas do banco, expertos en saúde, para asesorarse sobre o proxecto de fusión dos laboratorios. A falla de acordo entre eles destecera os plans que, xunto co da filla, previra para aquel serán. A muller non quixo asomarse aos motivos que atrancaran a vontade de Xaime Souto. As promesas que facía para xustificarse había tempo que lle soaban serodias. Para ela, chovía sobre mollado. Aquel incumprimento volvía deixalo fóra do retrato familiar e coroaba o afastamento que medrara na relación con Paula e as fillas.

A contraportada do xornal que estaba a ler contiña a entrevista a un violinista local que tocaba todas as fins de semana nunha das rúas de máis tráfico da cidade. O artista non lle importaba. Pero a noticia fíxolle lembrar o avó de Paula. El non o coñecera. Cando morrera, Paula aínda non fixera os catorce anos. Ela falara del no primeiro encontro que mantiveran en Londres. O vello tocaba o violín todos os días á hora do serán e rexeitara

18

Alberte Santos Ledo

varias promocións laborais que lle ofreceran a cambio de alongar o horario de traballo e estreitar o que dedicaba ao violín. Só mudara o hábito que tiña cando morrera o pai de Paula, o seu fillo máis novo. Xaime Souto entendía moi ben a maneira de vivir daquel home e o compromiso que mantiña co violín. Paula recordaba acotío o avó. A desaparición daquel home desgustáara máis que do pai.

A progresiva desaceleración dos motores interrompeu a viaxe mental ao interior da familia. O piloto anunciou que o despegue se atrasaría media hora. A azafata foi onda el para acougalo. Pero o enfado que debuxaba a cara de Xaime Souto non deu marcha atrás: —Levo tantas horas de demora que, se as xuntase, tería para ir a China unha ducia de veces...

Xaime Souto aproveitou a espera para rematar a lectura dos xornais. Era un gran consumidor de prensa. O único anuncio publicitario que o atraeu foi o dunha casa de reloxos de luxo. O texto que acompañaba á creatividade animouno: “O que apura o tempo son as ansias de cambio”. Ollou, amolado, o seu. As agullas delataban o atraso co que chegaría ao apartamento que alugara en Londres. Os reflexos do letreiro da terminal furaban a escuridade na que progresivamente se estaba a fundir o serán. A auxiliar de voo foi de novo onda el e, antes de explicalo

pola megafonía, dixo:

—Xa temos a conformidade do aeroporto para despegar.

Estaremos en Londres en dúas horas e, coa diferenza horaria, é como se o voo só durase sesenta minutos.

Agardou pola carreira do avión e, empuxado por ela, pensou de novo en Paula. A muller era o referente co que peor casaba nos retratos familiares que procurara reconstruír. Ela semellaba afeita ás viaxes que a desemparellaban del. As ausencias do marido había tempo que non a amolaban. Xaime Souto considerábalo unha vantaxe cando falaba da súa relación de parella con outros colegas do banco. Pero o comportamento da muller, co gallo das últimas viaxes, entendeuno como unha demostración de desapego. Antes de marchar, el propuxéralle viaxar unha fin de semana a Londres para, dende alí, asistir a un evento musical que o banco patrocinaba en Praga para os clientes máis importantes e os executivos que os atendían.

19

O rebumbio dos vagalumes

—A cidade paga a pena e temos reservado un palco para escoitar “O Morcego” de Strauss –insistiulle.

—Nesas datas vou participar nun seminario en Coimbra. Por que non vés ti? –dixo antes de contarlle que a seguinte semana tería que presentar a programación das clases de doutoramento que se comprometera a impartir.

—Non podo! A única fin de semana que vou ter libre será a do concerto. En Praga, van estar algúns dos mellores clientes do banco e poden saír boas operacións –respondeu decepcionado.

—Pero por que non es ti, por unha vez, quen cambia as cadeiras do banco e dos clientes polas da Universidade? –protestou Paula.

El quedou mudo. A muller, co xesto enfurruñado, aproveitou para preguntarlle de novo:

—Por que non es ti quen se apaña para que poidamos coincidir?

—Porque non podo ausentarme dese evento, Paula! –concluíu e logo, co xesto murcho, engadiu: “Creo que a distancia que estás a impor entre nós é máis grande da que hai entre Coimbra e Londres”.

Xaime Souto non aturaba que Paula rexeitase dun xeito tan frío e distante a posibilidade de estaren xuntos antes de regresar de Londres. El non entendía que a independencia da muller non fose máis conciliadora cos proxectos de futuro aos que se entregaba.

Mírou pola xanela. A vida da cidade rebulía rechamante por baixo dun feble pano de brétema. Estaba seguro de que a recompensa daquela viaxe, o recoñecemento que conseguiría co seu traballo, cumpriría coa entrega que a fusión dos laboratorios demandaría del. Aquela convicción asomaba no sorriso que

debuxaban os seus beizos. Ao longo das últimas semanas, os preparativos daquela misión guiaron todo o seu tempo e mais o da secretaria, Marta Simón.

Os movementos do avión aceleraron a fatiga de Xaime Souto. Quedou durmido.